

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS, MATERIAL ESCOLAR E ROUPA E MATERIAL DEPORTIVO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E ENSINO OBRIGATORIO, NO CURSO ESCOLAR 2025-2026.

Polo acordo adoptado polo Pleno do Concello, na súa sesión do día 26/09/2013, sobre a Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo e publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 234 do 10/12/2013, regúlanse as bases da convocatoria do procedemento en réxime de concorrencia competitiva para a concesión de axudas destinadas á adquisición de dispositivos electrónicos, material escolar e roupa e material deportivo para o alumnado de Educación Infantil e ensino obrigatorio (Primaria e Secundaria), no curso escolar 2025-2026.

ARTIGO 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

1. A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito de todas as persoas á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de bolsas e axudas que posibiliten o acceso aos estudos dos escolares empadroados no Concello de Rianxo.

ARTIGO 2. TIPO DE AXUDAS

a) Dispositivos electrónicos e accesorios (ordenador, portátil, tableta, impresora, consumibles da impresora, altosfalantes, micrófono, webcam, lapis de memoria): contía máxima da axuda por unidade familiar será do 75% do importe da factura presentada, sen que en ningún caso esta contía exceda dos 300,00 €.

b) Material escolar: a contía máxima da axuda de 50,00 €.

c) Roupa e material deportivo: necesario para a actividade de educación física que realice no centro de ensino. A contía máxima da axuda de 75,00 €.

ARTIGO 3. FINANCIACIÓN E PERÍODO SUBVENCIONABLE DAS AXUDAS

1. Para a concesión destas axudas, o concello de Rianxo, destinará un importe máximo de 5.000,00€, con cargo ás aplicacións orzamentarias 231.48003 (material escolar e roupa e material deportivo) e 231.78000 (dispositivos electrónicos e accesorios).

- 231.48003: 3.000 €
- 231.78000: 2.000 €

Esta distribución dos créditos por aplicacións orzamentarias ten carácter estimativo. Se, á vista das solicitudes, é preciso modificar a dita distribución e publicala nos mesmos medios que a convocatoria antes da resolución de concesión.

2. Establécese a posibilidade de incrementar o importe máximo desta convocatoria. Este incremento ven condicionado á existencia de crédito dispoñible para a mesma finalidade no Orzamento do 2025, ben como consecuencia dunha modificación orzamentaria ou por economías noutras convocatorias de axudas sociais, imputables no mesmo nivel de vinculación xurídica. Para que este importe adicional sexa efectivo, deberá aprobarse por Resolución da Alcaldía, tras as modificacións orzamentarias que procedan, antes da resolución de concesión.

ARTIGO 4. REQUISITOS

1. As axudas para material escolar e material e roupa deportiva concederanse pola concorrencia dunha situación familiar e económica determinada, polo que non requirirá máis xustificación que a acreditación desta. Por tal motivo non se esixirá a presentación dunha conta xustificativa dos gastos realizados.

O importe da axuda determinarase en función dos criterios previstos no artigo 7, que son os que ponderan a situación familiar e económica que se quere ter en conta.

2. As axudas para dispositivos electrónicos si requiren da xustificación do destino dos fondos coa documentación esixida coa solicitude.

3. En calquera caso, establécense como requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria os seguintes:

3.1 As axudas destinaranse ao alumnado de educación infantil e ensino obrigatorio, o cal os recursos económicos da unidade familiar non superen o 1.5 IPREM. No caso de familias monoparentais, familias con algún menor con discapacidade e/ou familias con menores en situación de violencia de xénero, este límite económico incrementarase un 10% na súa renda per cápita.

3.2 Que teñan a residencia e empadramento real e efectivo no Concello de Rianxo.

3.3 Que no curso escolar 2025-2026 estean matriculados nun centro de ensino do Concello de Rianxo.

ARTIGO 5. PERSOAS DESTINATARIAS DAS AXUDAS

1. O alumnado de infantil poderá acceder ás axudas de:

- Material escolar
- Roupa e material deportivo

2. O alumnado de ensino obrigatorio poderá acceder ás axudas de:

- Dispositivos electrónicos e accesorios
- Roupa e material deportivo
- Material escolar

ARTIGO 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. Publicación

As bases reguladoras das axudas destinadas Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, E ROUPA E MATERIAL DEPORTIVO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E ENSINO OBRIGATORIO (educación primaria e educación secundaria), NO CURSO ESCOLAR 2025-2026 apróbanse simultaneamente coa súa convocatoria. As ditas bases deberán publicarse no BOP e na sede electrónica con anterioridade ou simultaneamente á convocatoria.

A convocatoria para a concesión de axudas destinadas Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, E ROUPA E MATERIAL DEPORTIVO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E ENSINO OBRIGATORIO (educación primaria e educación secundaria), NO CURSO ESCOLAR 2025-2026, será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo, e mediante a difusión de bandos informativos, así como tamén na sede electrónica do Concello de Rianxo:

<https://sede.concelloderianxo.es>

2. Prazo

Quince días hábiles contados a partir da publicación da convocatoria no BOP.

3. Lugar

Na sede electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello de Rianxo.

4. Documentación

4.1. Xenérica:

- Modelo de solicitude (dispoñible na páxina web do Concello de Rianxo, no Rexistro Xeral e no departamento de Servizos Sociais). A solicitude deberá realizala o/a pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a por tratarse de menores de idade.

- Anexo 2: Declaración responsable do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes e de non estar incurso/a en ningún dos supostos que impiden obter a condición de persoa beneficiaria de subvencións das administracións públicas, que atopan recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- Copia do DNI, pasaporte, NIE ou documento análogo de todas as persoas da unidade familiar.

- Factura do gasto realizado, debidamente cuberta con todos os datos da persoa solicitante e do alumnado beneficiario da axuda. Só no caso de solicitar axuda para dispositivos electrónicos. Debe acreditarse o pago da factura mediante o tique da caixa ou o xustificante bancario. En ningún caso se aceptará a indicación de “pagado” manuscrito ou estampillado cun selo sobre a propia factura.

- Datos bancarios: certificación bancaria do Código IBAN a nome do/a solicitante cuñada pola entidade bancaria.

4.2. Xustificación de ingresos:

Se está presentada a declaración da renda:

- Copia da Declaración do IRPF correspondente ao exercicio 2024

Se non está presentada a declaración da renda:

- Certificación expedida pola AEAT de non ter presentada a Declaración do IRPF correspondente ao exercicio 2024.
- Xustificantes de ingresos do exercicio 2024 de todas as persoas da unidade familiar maiores de idade (nóminas, certificado do INEM, certificado da pensión, etc.) se non aparecen datos económicos na certificación.

4.3. Específica:

- Título de familia numerosa, se é o caso.
- Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%, se é o caso.
- Acreditación da unidade familiar monoparental, se é o caso, mediante sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais.
- Xustificante de gasto de alugueiro (anexo 3), se é o caso.
- Xustificante de hipoteca da vivenda habitual, se é o caso, na que consten claramente os datos da persoa titular e declaración responsable (anexo 4) onde deberá constar que se trata da primeira vivenda e que esta é residencia habitual.
- Certificado do INEM que acredite a situación de desemprego e a data de alta como demandante de emprego, se é o caso.
- Certificado do INEM que acredite ser beneficiario/a ou non dalgunha prestación económica e a data do seu inicio e remate, se é o caso.
- Certificado da secretaría do centro de ensino ou copia da matrícula no caso de que haxa algún membro na unidade familiar menor de 25 anos cursando estudos postobrigatorios ou universitarios.

No formulario de solicitude autorízase a comprobación, polos Servizos Sociais Comunitarios municipais, dos datos de residencia e convivencia, e incorpora un volante para estes efectos.

ARTIGO 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A Comisión Avaliadora determinará a concesión ou denegación segundo os seguintes criterios:

1. Renda per cápita.
2. Número de membros da unidade familiar.
3. Condicións familiares da persoa solicitante.
4. Vivenda.

A ponderación destas situacións será a seguinte, para cada un dos criterios:

1. Renda per cápita

Naquelas solicitudes que sexan valoradas pola declaración do IRPF de 2024, a renda virá determinada pola suma da base impositible xeral máis a base impositible do aforro (recadros 435 e 460) e dividida esta entre os 12 meses do ano e polo número de membros da unidade familiar.

Nos outros casos, valoraranse os ingresos líquidos máis a contía da retención do IRPF.

Nas familias monoparentais, sumaranse os ingresos da pensión de alimentos se corresponde.

RPC mensual da unidade familiar, referida ao Indicador Público de Efectos Múltiples (IPREM)

- Inferior ao 25% do IPREM: 10 puntos
- Entre o 25% e o 50% do IPREM: 8 puntos
- Entre o 50% e o 75% do IPREM: 6 puntos
- Entre o 75% e o 100% do IPREM: 4 puntos
- Entre o 100% e o 150% do IPREM: 2 puntos
- Exclúense do proceso de concorrencia as solicitudes superiores ao 1.5 do IPREM

2. Número de membros da unidade familiar

Enténdese por unidade familiar a formada polos pais e fillos ou fillas menores de 18 anos (ou menores de 25 anos se están cursando estudos postobrigatorios ou universitarios) ou fillos/as maiores de 18 anos cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.

Por cada membro integrante da unidade familiar: 0,5 puntos.

No caso de familias monoparentais, por cada membro integrante da unidade familiar: 0,8 puntos.

3. Condicións familiares da persoa solicitante

Por familia numerosa Categoría Xeral: 1 punto.

Por familia numerosa Categoría Especial: 2 puntos.

Por familia monoparental: 1 punto.

Por cada membro da unidade familiar con certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%: 1 punto.

Por cada membro da unidade familiar desempregado (cunha antigüidade igual ou superior a tres meses) con prestación económica: 0.5 puntos.

Por cada membro da unidade familiar desempregado (cunha antigüidade igual ou superior a tres meses) sen prestación económica: 1 punto.

4. Vivenda

En alugueiro: 1 punto

Propia e habitual con cargas: 0,5 puntos

As axudas adxudicaránse por estrita orde de puntuación ata esgotar a consignación dispoñíbel regulada no artigo 3º. En caso de empate, atenderase en primeiro lugar á renda *per cápita* familiar e en segundo lugar ao maior número de crianzas escolarizadas.

ARTIGO 8. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria e a obriga de:

a) Comunicar por escrito calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación

do procedemento respecto das circunstancias alegadas na solicitude e de someterse ás actuacións de comprobación que acorde o concello de Rianxo.

b) Comunicar por escrito a renuncia á axuda no caso de producirse unha causa que determine dita renuncia.

c) Informar ao órgano que concede a bolsa da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.

d) Presentar debidamente cuberta a solicitude xunto con toda a documentación requirida no prazo estipulado.

e) Terá que acreditar, antes de cobrar a axuda que se conceda, no seu caso, que:

e.1. Está ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, provinciais e municipais, mediante declaración expresa e sen prexuízo da súa comprobación.

e.2. Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Rianxo.

f) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello de Rianxo e ás de control financeiro que corresponden á Intervención municipal.

g) Seguir durante o curso académico os estudos nos que o/a menor estea matriculada.

ARTIGO 9. PROCEDEMENTO E OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS

1. Na fase de instrución das axudas participarán os seguintes órganos:

- Órgano instructor: educadora familiar municipal e, subsidiariamente, unha técnica do Departamento de Servizos Sociais.
- Órgano avaliador: a Comisión Avaliadora formada pola concelleira e dúas técnicas do Departamento de Servizos Sociais.
- Órgano concedente: a Xunta de Goberno Local.

2. De acordo co artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécese unha fase de pre-avaliación das solicitudes, na que se determinará se cumpren ou non os requisitos do artigo 4 destas bases e se a documentación da solicitude está completa ou non. Tras a verificación destes extremos, publicarase no taboleiro de anuncios a relación de solicitudes, coa indicación das deficiencias detectadas ou a documentación da que carezan, co fin de que a persoa solicitante, no prazo de (10) días hábiles, emenda as deficiencias ou remita os documentos preceptivos.

Transcorrido o prazo de emenda, o órgano instructor comprobará a documentación presentada e elaborará a listaxe de solicitudes que cumpren os requisitos esixidos para acceder ás axudas e publicaráa no taboleiro de anuncios.

Quedarán excluídas as solicitudes que non se puidesen validar por estar presentadas fóra de prazo, por falta de corrección das deficiencias da solicitude e/ou da documentación.

3. Rematada a fase de pre-avaliación, o órgano instructor emitirá o informe correspondente e a proposta de resolución. Deberá indicarse de modo expreso que as persoas propostas como beneficiarias das subvencións cumpren todos os requisitos da convocatoria.

4. Mediante resolución da Xunta de Goberno Local, procederase á concesión ou á denegación das axudas. Aquelas solicitudes que, a pesar do requirimento demandado, non completaran a documentación, declararanse desistidas.

5. A contía da axuda por alumno/a será a establecida no artigo 2 desta convocatoria.

6. O importe da axuda en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o custo dos gastos acreditados pola persoa beneficiaria.

7. As solicitudes presentadas resolveranse no prazo de tres meses, que se contarán a partir do día seguinte á data de remate do prazo desta convocatoria, e a resolución notificaráselles ás persoas solicitantes.

8. A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da notificación da resolución ou no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte á data na que poida entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Con carácter potestativo, de conformidade co artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da notificación da resolución ou desde o seguinte a aquel no que a solicitude poida entenderse desestimada por silencio administrativo.

ARTIGO 10. PAGO E XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

1. O pago da axuda regulada nesta convocatoria farase unicamente na conta que os solicitantes fagan constar na solicitude, que debe permanecer activa para estes efectos mentres non se teña constancia da finalización do expediente. A Administración non se fará responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas directamente imputables aos solicitantes.

2. Reintegro da axuda: procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda recibida, xunto cos intereses de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especialmente no caso de que se detectase que o importe recibido non fose empregado no tipo de axuda concedida e que ao tempo da xustificación da achega non se acredite que permanezan matriculados no curso escolar 2025-2026 nun centro de ensino do Concello de Rianxo.

O procedemento de reintegro tramitarase nos termos dos artigos 32, 33, 37 e 38 da Lei 9/2007 e do seu regulamento, aprobado mediante o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

ARTIGO 11. RÉXIME XURÍDICO

A normativa que regula a concesión destas axudas, no non establecido nestas bases será a establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo.